

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 21 DE XULLO DE 2016 DE NÚM. 09/2016.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

NON ASISTE: D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.- Expediente de Modificación do Plan Económico-Financeiro do Concello de Lalín 2016-2017.....	Páx. 3
2.- Expediente de Modificación de créditos Nº 8-T/2016. Transferencia de créditos.....	Páx. 5
3.- Adxudicación do contrato administrativo denominado “Subministración de enerxía eléctrica en réxime de mercado libre aos edificios, instalacións e iluminación pública do Concello de Lalín”.....	Páx. 7
4.- Moción do Grupo de Goberno sobre a recuperación da memoria histórica e de condena da ditadura franquista.....	Páx. 11
5.- Moción do Grupo de Goberno para reclamar que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asuma a xestión do Conservatorio Municipal de Lalín.....	Páx. 13
6.- Moción do Grupo de Goberno para solicitar á Xunta de Galicia aportación económica para a restauración e posta en valor da obra de Antonio Taboada Ferradás “Wily”.....	Páx. 16
7.- Moción do PP solicitando a comparecencia do Concelleiro de Obras.....	Páx. 18
8.- Moción do PP solicitando a comparecencia do Concelleiro de Medio Rural.....	Páx. 18
9.- Moción do PP para instar á Deputación a derogar o Decálogo das vías provinciais.....	Páx. 19
10.- Moción do PP sobre a dotación á Área recreativa do Pozo do Boi de canchas de 36x27 metros para diversas disciplinas deportivas.....	Páx. 21
11.- Moción do PP solicitando apoio económico á campaña de recollida de medicamentos e funxibles para Venezuela.....	Páx. 22
12.- Rogos e preguntas.....	Páx. 23

Sendo as dez horas do xoves, **día 21 de xullo de 2016**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste D. D. José Antonio Rodríguez Fernández. (PP).

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE LALÍN 2016-2017.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Sra. Concelleira Delegada de Facenda, de data 14 de xullo de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 18 de xullo de 2016.***

Como cuestión previa á orde do día, o voceiro do PP, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, salientou que entre os voceiros pactaron que o pleno ordinario deste mes fose para hoxe; pero na orde do día non se recollía a aprobación das actas nin os decretos. Non estaba de acordo, pediu aclaracións sobre elo e pediu que fose o Sr. Secretario ás xuntas de voceiros.

O *Sr. Secretario* explicou que as actas non estaban feitas e sobre os decretos indicou que había poucos e podía dárselles copia dos mesmos. En cambio, si había punto para rogos e preguntas na orde do día.

Na defensa da moción ***D^a. Teresa Varela Fisteus***, edil delegada de facenda, dixo que houbo en xaneiro deste ano un cambio de criterio no cálculo do gasto computable a efectos de determinar o cumprimento da Regra de Gasto. A raíz deste feito o límite do gasto incrementaríase en oitocentos mil euros, como gasto dispoñible para a Corporación. Tamén supuña que o aforro do ano 2015 se tería en conta. Lembrou o gasto do PIB galego no pasado e no presente ano que pasou do 2,8 e do 3,6 %.

Na rolda de voceiros ***D. Xosé Crespo Iglesias, do PP***, dixo que o ano 2015 era máis estable. Enviouse o PEF e meteuse na plataforma. Houbo un cambio de criterio. Eles xa dicían que a Corporación tiña marxe para reducir o tipo impositivo do IBI ao 0,4 % e o grupo de

gobierno dixo que non, quedouse no 0,46 %. Agora hai un novo escenario, e así se dixo polo grupo de goberno. Lembrou que para sacar adiante o PEF baseábase en dúas medidas: a apertura e o cobro do prezo polo uso do parking e a maior recadación prevista do IBI.

Por alusións, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** sinalou que era unha contradición o que dicía o Sr. Crespo, de non entrar no debate, e logo entrar de cheo no mesmo. Indicou que tres de cada catro recibos do IBI ían baixar este ano. En canto ás medidas do PEF e as medidas adoptadas co parking e co IBI, estas foron en función dos criterios dos técnicos municipais. Á vista dos datos que lles deron e da oposición, elixiron unhas determinadas políticas. Agora en xaneiro houbo cambio de criterios técnicos e outros datos dispoñibles, e tomarían outras medidas.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non era así, tres de catro recibos do IBI non bajarían e isto xa se vería. Indicou que eles votaron non ao orzamento e non ao PEF e agora seguirían votando non á proposta.

De novo o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que era unha boa nova a que tiñan de poder gastar máis de oitocentos mil euros para investimentos. Isto permitiría ao goberno sacar adiante algúns proxectos, aludindo a continuación aos catro millóns de gasto no parking municipal que tiveron que acometer nada máis entrar a gobernar. De seguido indicou que era lexítimo o gasto do grupo de goberno anterior por exemplo no edificio do Concello, pero eles por exemplo o gastarían en saneamento do rural. Era lexítimo, pero non compartían a política do equipo anterior.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o grupo de goberno anterior gastou moitos cartos municipais en saneamento; sempre, cada ano en cada orzamento metéronse obras para o saneamento do rural. En canto a esta casa, indicou que se conseguiron subvencións e axudas e a meirande parte dos investimento da mesma foi con fondos obtidos pola xestión eficaz do grupo de goberno.

Houbo un debate entre o Sr. Alcalde e o voceiro popular sobre eses extremos.

De seguido a Sr^a. Interventora, **D^a. Marta Oviedo Creo**, explicou que efectivamente en xaneiro deste ano houbo un cambio de criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no cómputo do gasto a efectos de determinar a Regra de Gasto, e que agora permitíase computar no mesmo os gastos efectuados no mesmo ano en que se adquiriu o parking.

Outra Vez **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que eles xa o prevían e por iso propuxeron baixar o IBI ao 0,4 %. Lembrou que o anterior goberno deixou un Concello saneado e cunhas contas que denotaban o bo estado económico e financeiro do Concello.

Rematou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, para sinalar que a evidencia amosaba o estado do Concello.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Concelleira, mediante o sistema de man alzada, obtívoase o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: nove (9) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta dos número legal dos asistentes, o Pleno **APROBOU** o expediente e a proposta e ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de Modificación do Plan Económico Financeiro do Concello de Lalín.

Segundo.- Que este expediente, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 8-T/2016. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 18 de xullo de 2016.***

Na defensa da proposta, ***Dª. Teresa Varela Fisteus***, edil delegada de facenda. Indicou que houbo cambios no expediente por erros nos datos recollidos no mesmo, que agora xa estaban corrixidos.

Explicou a orixe e o destino dos fondos municipais e as obras a realizar.

Desde as filas do grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** dixo que votaron negativamente a proposta. Entre outras razóns porque case a metade do mesmo ía destinada a propaganda. Indicou que sempre houbo modificación de créditos.

Por alusións ***D. Nicolás González Casares*** indicou que era novidosa polo aumento en 7.100 € para as solicitudes de libre concorrencia do SAF.

De novo ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que este aumento era para todos os concellos de Galicia. O cartos eran da Xunta de Galicia.

Outra vez **D. Nicolás González Casares** dixo que con eses 7.100 euros trataríanse a once persoas en libre concorrència.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** que dixo que o gasto social de agora era o dobre que antes, e que o grupo de goberno tamén sabía conseguir cartos.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: nove (9) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Ante a necesidade de acomodar os créditos previstos en determinadas aplicacións orzamentarias coa finalidade de atender os seguintes gastos:

1. Ampliar o Servizo de Axuda no Fogar para non dependentes con fin de eliminar a listaxe de espera.
2. Promoción a través de difusión publicitaria co fin de dar a coñecer aos veciños non só as actividades que dende o Concello se poñen á súa disposición, senón tamén de informar sobre diversos cambios normativos que poden afectar ás súas propiedades.
3. Programación cultural no rural co fin de achegar a todos e todas os veciños e veciñas de Lalín a posibilidade disfrutar do ocio e de coñecer o seu entorno como posta en valor do noso patrimonio, así como dotar crédito para mellorar a realización da romaría interxeracional.
4. Ampliar a partida de subvencións culturais derivado da demanda das diversas asociacións do noso Concello, co fin de garantir a colaboración deste goberno con diversas actividades culturais fomentadas polas mesmas.
5. Ampliar a partida de festas populares e festexos, así como a de feiras, co fin de poder levar a cabo Feiradeza e o Nadal nas mellores condicións posibles.

O Pleno acordou:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de transferencia de créditos núm. 8-T/2016, que consiste en transferencias entre aplicacións presupostarias que pertencen a distintas áreas de gasto, **nos termos seguintes:**

A) - APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE PROPÓN TRANSFERIR CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
153.2.130.00	Pavimentación de Vías Públicas.	20.000,00
	Laboral fixo. Retribucións básicas	
153.2.130.02	Pavimentación de Vías Públicas.	28.000,00
	Laboral fixo. Retribucións complementarias	

931.120.03	Política Económica e Fiscal	7.100,00
	Salario Básico Funcionarios Grupo C1	
931.121.00	Política Económica e Fiscal	3.000,00
	Complemento Destino	
931.121.01	Política Económica e Fiscal	3.000,00
	Complemento específico	
920.160.00	Administración Xeral	11.000,00
	Seguridade Social	
	TOTAL BAIXAS	72.100,00 €

B)- APLICACIONES PRESUPUESTARIAS QUE SE PROPÓN RECIBAN CRÉDITO:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
334.226.09	Promoción cultural. Publicidade e Propaganda	3.000,00
334.226.09	Promoción cultural. Actividades culturais e deportivas	21.000,00
334.489.00	Promoción cultural. Outras transferencias	5.000,00
338.226.02	Festas populares e festexos. Publicidade e Propaganda	3.000,00
338.226.09.02	Festas populares e festexos. Actividades culturais	20.000,00
	Apoio e promoción do comercio local	
431.1.226.09	Feiras. Actividades culturais e deportivas	10.000,00
431.1.226.02	Feiras. Publicidade e Propaganda	3.000,00
231.227.99.04	Asistencia Social Primaria	7.100,00
	Servizo de Axuda no Fogar para non dependentes	
	TOTAL ALTAS	72.100,00 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DENOMINADO “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN”.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 13 de xullo de 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 18 de xullo de 2016.**

Os distintos voceiros asentiron positivamente ao ditame.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) do PP.

Xa que logo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Lalín aprobou, na sesión celebrada o día 31 de marzo de 2016, o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN” (CSU022016)**, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración.

Con data de 23 de maio de 2016 procedeuse á apertura das proposicións económicas presentadas en relación co expediente enriba referenciado, obténdose o seguinte resultado:

1º PROPOSICIÓN NÚMERO 2: Presentada por **GAS NATURAL SERVICIOS, S.G.D., S.A.**, con CIF núm. A-08431090 (RXE núm. 4148 de 13 de maio de 2016). Ofrece os seguintes prezos:

LIBERALIZADO	GAS NATURAL FENOSA	PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA						
		TARIFA DE ACCESO	Tensión V	Potencia Contratada Pc	Discriminación Horaria	Termino de Enerxía		
						Te p1 (€/kWh)	Te p2 (€/kWh)	Te p3 (€/kWh)
		Tarifa 2.0 A	V<1 kV	P<=10 kW	Sen	0,067852		
		Tarifa 2.0 DHA	V<1 kV	P<=10 kW	Dous periodos	0,073801	0,059290	
		Tarifa 2.1 A	V<1 kV	10<P<=15 kW	Sen	0,067852		
		Tarifa 2.1 DHA	V<1 kV	10<P<=15 kW	Dous periodos	0,074383	0,059853	
		Tarifa 3.0 A	V<1 kV	15<P	Tres periodos	0,079834	0,067595	0,049895
		Tarifa 3.1 A	1<=V<38 kV	P<=450 kW	Tres periodos	0,071860	0,062613	0,045409

2º PROPOSICIÓN NÚMERO 4: Presentada por **WATIUM S.L.**, con CIF núm. B-86459260 (RXE núm. 4201 de 16 de maio de 2016). Ofrece os seguintes prezos:

LIBERALIZADO	WATUM	PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA						
		TARIFA DE ACCESO	Tensión V	Potencia Contratada Pc	Discriminación Horaria	Termino de Enerxía		
						Te p1 (€/kWh)	Te p2 (€/kWh)	Te p3 (€/kWh)
		Tarifa 2.0 A	V<1 kV	P<=10 kW	Sen	0,069832		
		Tarifa 2.0 DHA	V<1 kV	P<=10 kW	Dous periodos	0,070068	0,058014	
		Tarifa 2.1 A	V<1 kV	10<P<=15 kW	Sen	0,069479		
		Tarifa 2.1 DHA	V<1 kV	10<P<=15 kW	Dous periodos	0,069545	0,058064	
		Tarifa 3.0 A	V<1 kV	15<P	Tres periodos	0,081691	0,070190	0,054432
		Tarifa 3.1 A	1<=V<36 kV	Pc<=450 kW	Tres periodos	0,072663	0,064740	0,051079

3º PROPOSICIÓN NÚMERO 1: Presentada por **AURA ENERGIA S.L.**, con CIF núm: B-65552432 (RXE núm. 4029de 10 de maio de 2016). Ofrece os seguintes prezos:

LIBERALIZADO	AURA	PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA						
		TARIFA DE ACCESO	Tensión V	Potencia Contratada Pc	Discriminación Horaria	Termino de Enerxía		
						Te p1 (€/kWh)	Te p2 (€/kWh)	Te p3 (€/kWh)
		Tarifa 2.0 A	V<1 kV	P<=10 kW	Sen	0,073714		
		Tarifa 2.0 DHA	V<1 kV	P<=10 kW	Dous periodos	0,079063	0,063623	
		Tarifa 2.1 A	V<1 kV	10<P<=15 kW	Sen	0,073714		
		Tarifa 2.1 DHA	V<1 kV	10<P<=15 kW	Dous periodos	0,079063	0,063623	
		Tarifa 3.0 A	V<1 kV	15<P	Tres periodos	0,088866	0,076389	0,056897
		Tarifa 3.1 A	1<=V<36 kV	Pc<=450 kW	Tres periodos	0,079662	0,071198	0,052701

4º PROPOSICIÓN NÚMERO 3: Presentada por **IBERDROLA CLIENTES S.A.U.**, con CIF núm. A-95758389 (RXE núm. 4194 de 16 de maio de 2016). Ofrece os seguintes prezos:

LIBERALIZADO	IBERDROLA	PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA						
		TARIFA DE ACCESO	Tensión V	Potencia Contratada Pc	Discriminación Horaria	Termino de Enerxía		
						Te p1 (€/kWh)	Te p2 (€/kWh)	Te p3 (€/kWh)
		Tarifa 2.0 A	V<1 kV	P<=10 kW	Sen	0,079168		
		Tarifa 2.0 DHA	V<1 kV	P<=10 kW	Dous periodos	0,090744	0,056700	
		Tarifa 2.1 A	V<1 kV	10<P<=15 kW	Sen	0,080443		
		Tarifa 2.1 DHA	V<1 kV	10<P<=15 kW	Dous periodos	0,091391	0,057634	
		Tarifa 3.0 A	V<1 kV	15<P	Tres periodos	0,093860	0,077773	0,050065
		Tarifa 3.1 A	1<=V<36 kV	Pc<=450 kW	Tres periodos	0,082361	0,072966	0,047376

5º PROPOSICIÓN NÚMERO 5: Presentada por **EXPORT INNOVATION GROUP S.L.**, con CIF núm. B-66286634 (RXE núm. 4251 de 18 de maio de 2016). Ofrece os seguintes prezos:

LIBERALIZADO	EXPORT INNOVATION GROUP	PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA						
		TARIFA DE ACCESO	Tensión V	Potencia Contratada Pc	Discriminación Horaria	Termino de Enerxía		
						Te p1 (€/kWh)	Te p2 (€/kWh)	Te p3 (€/kWh)
		Tarifa 2.0 A	V<1 kV	P<=10 kW	Sen	0,075520		
		Tarifa 2.0 DHA	V<1 kV	P<=10 kW	Dous periodos	0,079777	0,066528	
		Tarifa 2.1 A	V<1 kV	10<P<=15 kW	Sen	0,073520		
		Tarifa 2.1 DHA	V<1 kV	10<P<=15 kW	Dous periodos	0,077777	0,064528	
		Tarifa 3.0 A	V<1 kV	15<P	Tres periodos	0,087564	0,070340	0,059979
		Tarifa 3.1 A	1<=V<36 kV	Pc<=450 kW	Tres periodos	0,078311	0,067786	0,053522

Á vista destas ofertas e das ofertas de criterios avaliados mediante fórmulas realizadas por cada unha das empresas a puntuación obtida por cada unha delas foi a seguinte:

CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS		
OFERTANTE	IMPORTE ANUAL SIMULADO	CLASIFICACIÓN
GAS NATURAL FENOSA	286.028,174482 €	1
WATIUM	286.191,875506 €	2
IBERDROLA	311.336,919358 €	3
AURA	312.961,432480 €	4
EXPORT INNOVATION GROUP	313.080,023316 €	5

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de maio de 2016 acordouse requirir ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa **GAS NATURAL SERVICIOS, S.G.D., S.A.** con CIF núm. A-08431090, para que no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presentase a documentación esixida no artigo 151.2 do TRLCSP.

Con data de 16 de xuño de 2016 (RXE núm. 5067) **GAS NATURAL SERVICIOS S.G.D., S.A.** presentou a mencionada documentación e presentou na Tesourería Municipal aval por importe de 37.190,00 €.

Considerando que na tramitación do expediente se cumpriron os prazos e que o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa achegou a documentación que para os efectos da adxudicación se establecen no artigo 151. 2 do TRLCSP, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Adjudicarlle o contrato de subministración denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSU022016) á empresa **GAS NATURAL SERVICIOS, S.G.D., S.A.**, con CIF. núm. A-08431090, polos prezos indicados na parte expositiva do presente acordo e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por outro ano máis, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 19 e 23 de maio de 2016.

Segundo.- Notificarlle o presente acordo aos licitadores, así como ao adxudicatario, para que proceda a asinar o correspondente contrato, facultando ao Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

Consonte co establecido no artigo 151 e 156.3 do TRLCSP a **formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes** a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación ao licitador.

4.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA E DE CONDENA DA DITADURA FRANQUISTA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 6121. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 18 de xullo de 2016.**

Na exposición da moción, a edil delegada de cultura, **Dª Lara Rodríguez Peña**, indicou que agora se cumprían oitenta anos do golpe de estado. A moción era unha moción tipo que se modificou .

Explicou que o PP de Galicia votou no ano 2008 contra unha moción que condenaba o golpe. Había que remontar o tema e lembrar ás vítimas, indicando que noutros países como Alemania se homenaxeaba continuamente ás vítimas.

Sentiuse aludido **D. Manuel Fernández López** e cualificou de barbaridade estas últimas verbas e rexeitou esta comparación, indicando que a democracia xa chegou hai tempo, evolucionando cara a ese sistema desde o anterior.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a moción sobre o franquismo daba pena. Os que dicían que non cabemos todos neste sistema, son en realidade sectarios que queren estar eles sós. Hoxe a nosa democracia tiña xa unha boa saúde e estaba madura. Era unha moción tipo como aconfesional. Nese eido ningún membro do PP deixou de condenar ao franquismo.

Finalmente indicou en relación ao punto 3ª, no que se pedía que se retirasen os símbolos e distincións: ¿A cales se refería?, ou ¿Había algúns? Non sabía se había esta simboloxía en Lalín; votar en branco sen saber que símbolo en concreto non procedía tampouco. Por elo rematou preguntando: ¿Hai algún símbolo ou elemento a retirar?

Dª. Lara Rodríguez Peña indicou que o punto terceiro era para o caso que haxa algún deles. Non esperaba e non era ningún ataque ao PP.

Rematou o debate o Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, quen explicou que a democracia non chegou a todos. Non dubidaba do carácter democrático do PP. Coidaba que era indefendible que os mortos aínda seguisen enterrados nas cunetas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e nove (9) do PP,

APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

1. O próximo 18 de xullo de 2016 cúmprense 80 anos do golpe de Estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español. Un levantamento militar que en Galicia foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galicia no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, espolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

2. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias.

Malia ter transcorrido xa máis de 40 anos do final da Ditadura e da restauración do réxime democrático, o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a superación da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a Ditadura. Así aparece recollido no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, Pablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do Estado español en relación con esta materia.

3. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terríbel período histórico.

O 80 aniversario do inicio da represión constitúe unha boa oportunidade para expresar o compromiso cos valores democráticos e a condena da Ditadura franquista. No caso dos concellos, existe ademais unha obriga ética e política clara a este respecto porque, por unha parte, dirixentes políticos destas institucións e persoal ao seu servizo foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, depuración e outras múltiples formas de violencia. E, por outra, as institucións locais foron parte do aparato administrativo e político que impuxo a Ditadura, o terror e a toda a súa parafernalia simbólica en Galicia.

É por iso que o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

1- Expresar a súa condena do golpe de estado militar de 1936 e da Ditadura franquista.

2- Promover ao longo do ano 2016 o desenvolvemento dun programa de actividades – en colaboración con entidades da memoria e outras institucións– arredor da memoria histórica, a represión e a resistencia contra o fascismo.

3- Organizar unha homenaxe pública aos cargos políticos e aos traballadores e traballadoras da institución que foron vítimas da represión franquista, nomeadamente Manuel Ferreiro e Xesús Golmar, alcaldes; Luís Frade e Antonio Jar, concelleiros; Xesús Froiz, José Crespo Torres, Benito Fernández Balboa, Eliseo Garra, Ramiro Granja, Marcelino García e Luís Agra, funcionarios municipais.

4- Eliminar, suprimir ou anular os acordos, distincións e símbolos que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura, e insta ao bispado de Lugo a proceder á retirada das placas dos “Caídos por Dios y por España” colocadas ao rematar a guerra civil nas paredes das igrexas parroquiais de Lalín, Camposancos, Noceda e Palmou.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA RECLAMACIÓN QUE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA ASUMA A XESTIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 6122. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 18 de xullo de 2016.**

Na rolda de voceiros **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** explicou que o Concello de Lalín contaba desde hai anos cun Conservatorio Profesional de Música, que prestaba servizos oficiais de música a alumnos da comarca e de fóra dela. Dun tempo a esta parte, o Concello tiña que asumir o déficit anual e aportar cada vez máis cartos para unha competencia impropia. Leu a parte dispositiva da moción, e como emenda, propuxo a maiores que se engadise o seguinte:

1.- Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria que mentres non asuma este Conservatorio de Música Profesional de Galicia conceda a este Concello unha liña de axuda a fin de poder asumir o déficit do mesmo.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura Educación, e Ordenación Universitaria que asine un convenio co Concello de Lalín de financiación similar aos que ten subscritos a Xunta de Galicia cos centros docentes concertados.

Seguiu explicando que o Conservatorio era un sinal de identidade de Lalín e que había un erro de 18.000 € e non a cantidade que figura na moción.

Era tamén unha honra contar con 175 alumnos que fundamentalmente eran da comarca, a pesar dos gastos elevados e un bedel.

Deu cifras dun presuposto de 309.755 €, das taxas que chegaban a 87.000 e un desfase que tiña que afrontar este ano o Concello de 220.063 €. Todo isto asumíao o Concello sendo o ensino oficial do Conservatorio unha competencia impropia.

O funcionamento deste centro viña avalado por moitos anos de traballo. Non quería facer historia. Agora que había un Conselleiro de Lalín era unha oportunidade para que deixase un bo legado a Lalín e asumirse este servizo, algo que non debía custar, porque estes días apareceu dando unha subvención de 700.000 a Vila de Cruces.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a Lalín tamén lle deu 350.00,00 € e resaltou os dous colexios novos cos que contaba. A estratexia era esa: asumir o Conservatorio e non deixar que o Concello siga con este déficit continuo neste servizo.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** non dubidaba da boa intención da moción, pero tampouco da mala leche da mesma. El sempre defendeu isto que agora se pedía cando foi Alcalde, e fíxoo diante dos conselleiros. Lembrou os tempos de Manuel Fraga, Presidente da Xunta, da petición de que este conservatorio, xunto cos de Vilalba e Ponteareas fosen asumidos. Do resultado infructuoso das xestións, e logo do Pacto Local que el cando foi Presidente da FEGAMP plantexou ao Presidente da Xunta de Galicia daquela, **D. Emilio Pérez Touriño**, e con Méndez Romeu. En principio todo ía ben, pero logo un informe non tan favorable da Intervención Xeral da Xunta de Galicia deu ao traste coas negociacións e coas esperanzas de conseguir isto.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** dixo que isto foi no ano 2005, cando gobernou na Xunta de Galicia o PSdeG-PSOE.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu insistir en que el sempre tivo este obxectivo no seu programa de goberno, e sempre o intentou conseguir, lembrando de novo os outros dous concellos coas xestións que foran xa no ano 2003.

Pero **D. Nicolás González Casares** seguiu insistindo en que esta petición fíxoa co goberno bipartito da Xunta de Galicia e que a petición se fixo ao *Sr. Méndez Romeu*.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu negociar e transacionar esta moción, para pedir á Xunta de Galicia, pero tamén a Deputación Provincial axuda neste eido.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** leu as emendas. Dixo que a mesma deixaba en evidencia, “*en panos menores*” ao actual conselleiro, diante da súa incapacidade manifesta. Non valía o argumento de que era un problema sacar un decreto polo informe que fixo a Intervención do organismo provincial. Lembrou que foi o goberno do PP quen eliminou as axudas e volveu insistir nos dous puntos engadidos á moción e remitiuse a unha moción do 25 de outubro de 2014, na que o actual Conselleiro, *Sr. Román Rodríguez*, votou a favor. Os dous puntos engadidos eran desa mesma moción que o actual Conselleiro votou a favor cando era concelleiro de Lalín. Tamén quedaron retratados, porque a petición fíxose cando acababa de chegar á Xunta de Galicia o goberno bipartito .

Noutra rolda, **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou que o actual conservatorio databa do goberno tripartito, a principios dos anos noventa do pasado século, cando era conselleiro o *Sr. Barreiro Rivas*. Eles sempre estiveron a favor desta petición e agora votarían a favor da proposta.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que en nada cambiaba o acordo adoptado daquela ao de agora.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu pedir unha transaccional e negociar co goberno.

Tamén insistía a **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** que amosou o texto da moción, dixo entender o papel do *Sr. Crespo Iglesias*, pero non aceptaba a súa petición de transaccional, xa que na moción nos dous puntos recollíase o mesmo acordo que o que se votou o ano pasado e foi aprobado polo daquela edil e agora conselleiro. A moción era suave e levaba boa intención.

Rematou o debate **D. Rafael Cuíña Aparicio** lembrando que o Sr. Conselleiro deu setecentos mil euros a un concello da comarca, e trescentos cincuenta mil a Lalín. Parecía mala cousa.

Sometida a votación ordinaria a moción e a emenda, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e nove (9) do PP, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

O CPL (Conservatorio Profesional de Lalín) é unha institución de carácter educativo e formativo no eido musical que leva en funcionamento desde o ano 1991. Depende organicamente do Padroado Cultural e ten a súa sé no Auditorio de Municipal de Lalín. Trátase dun centro que non só atende a demanda dos alumnos e alumnas do noso concello, senón tamén doutros da comarca do Deza e de municipios limítrofes como os de Antas de Ulla, Monterroso ou Chantada.

Na actualidade, o Conservatorio conta con 175 alumnos e un cadro de persoal composto por 15 profesores e un bedel. A súa oferta educativa inclúe diferentes especialidades instrumentais, clases teórico-prácticas e numerosas actividades complementarias e extraordinarias. Ademais de impartir formación para os músicos que compoñen a Banda de Lalín, tamén presta servizo a intérpretes doutras bandas da zona, como a de Vilatuxe, Muimenta ou A Lira, de Prado.

Manter o Conservatorio e a súa actividade cóstalle ao Concello de Lalín 309.755 euros ao ano. Cómpre salientar que no seu cofinanciamento tan só participa a Deputación provincial de Pontevedra con 18.000 euros ao ano. Ademais, nestes intres, a única vía de obtención de ingresos son as taxas pola prestación de servizos educativos, que ascenden a 87.000 euros anuais.

Atopámonos, polo tanto, en que en termos estritamente económicos, o mantemento do conservatorio presenta un déficit de 222.063 euros ao ano para o Concello. Trátase dunha cifra inasumible, e moito máis cando a xestión deste espazo se pode considerar unha competencia impropia, non so por ser un recurso educativo, que debería estar en mans da Xunta de Galicia, senón porque do Conservatorio e os seus servizos beneficianse alumnas e alumnos de diferentes concellos e comarcas. Con todo, chama a atención que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, leve tempo sen transferir nin un só céntimo para este centro, que desenvolve unha importante actividade formativa e cultural.

Polo tanto, ante todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

1.- *Reclamarlle á Xunta de Galicia que, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín e que se faga cargo do seu custe de mantemento.*

2.- *Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria que mentres non asuma este Conservatorio de Música Profesional de Galicia conceda a este Concello unha liña de axuda a fin de poder asumir o déficit do mesmo.*

3.- *Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura Educación, e Ordenación Universitaria que asine un convenio co Concello de Lalín de financiación similar aos que ten subscritos a Xunta de Galicia cos centros docentes concertados.*

6.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA APORTACIÓN ECONÓMICA PARA A RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DA OBRA DE ANTONIO TABOADA FERRADÁS “WILY”.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 6123. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 18 de xullo de 2016.**

Na defensa da moción, **D^a Lara Rodríguez Peña** explicou o contido da mesma. Tratábase de recuperar a obra escultórica e doutras artes do artista falecido de Lalín, coñecido como *Wily*. Coidaba que era de xustiza facer os esforzos precisos para recuperar e conservar toda a súa obra artística. Por iso se pedía axuda á Xunta de Galicia, estando o Concello aberto tamén a colaborar neste eido.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou que el cando gobernaba foi o destinatario das primeiras becas que o Concello concedeu; logo viñeron Salgueiro, Álvaro Negro, e logo parouse. Foron a Italia e a Alemania. Adiantou o voto favorable do seu grupo. Preguntou canto ía poñer o Concello.

De novo **D^a. Lara Rodríguez Peña** afirmou que o Concello colaboraría segundo a dispoñibilidade de cartos. Desde logo non ía permanecer pasivo. Polo de agora non hai propostas concretas desde o punto de vista económico. Esperaremos a decembro a ver o que pasa.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** lembrou que el tivo unha conversación co Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no Museo Ramón Aller sobre este tema. Tamén afirmou que o Concello colaboraría nesta iniciativa.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** quería saber cantos cartos poría o Concello.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** reafirmou que o Concello, este ano ou o que ven, aínda que o Concello teña que facer un esforzo complementario, colaboraría.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e nove (9) do PP, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Poñer en valor a obra de Antonio Taboada Ferradás “*Wily*” e outorgarlle dende a Administración pública a categoría que merece mediante a restauración da súa obra e o acondicionamento do seu taller. Estes son os dous obxectivos primordiais que consideramos de inmediata materialización. Como todos e todas sabemos, *Wily* foi un artista lalinense nado en Botos, un artista multidisciplinar cuxa obra demostra o seu gran talento, a súa innegable capacidade artística e, sobre todo, a xenialidade de quen soubo crear un estilo propio sen máis axuda que a da súa propia intelixencia. Autor autodidacta, sen máis formación que a que lle proporcionaba o seu interese polo coñecemento e o seu amor pola arte en xeral, *Wily* deixounos un importante legado artístico que vai dende ás artes plásticas, á música e á poesía. Pero, ademais de artista, *Wily* foi unha persoa implicada na vida sociocultural lalinense, un home cun forte compromiso co seu territorio e co seu Botos natal e, sobre todo, alguén ao que todas aquelas persoas que tiveron a honra de coñecerlo puideron comprobar a súa gran valía como persoa e como artista.

A mediados dos 80 *Wily* comezou a participar na vida cultural compostelá; nese momento creaba sobre todo música e poesía pero xa por aquel entón se comezou a interesar polas artes plásticas, tanto polo debuxo como pola escultura, grazas ás influencias de Laxeiro e Antón Lamazares. Foi a finais dos 80 cando empezou a labrar o que será a súa técnica principal de elaboración das súas esculturas a través da utilización da motoserra, coa que rachou totalmente cos modelos establecidos e creou un estilo propio mediante unha técnica insólita. Realizou numerosas exposicións individuais e colectivas e a súa obra viaxou por moitos puntos do mundo, coma Nova York, México, Francia, Italia, Alemaña ou Portugal. Ademais, foron numerosos os premios e recoñecementos que recibiu, comezando pola bolsa de Novos Valores na Bienal de Pontevedra, que o levou a París, ano no que gañou o segundo premio na XVIII Bienal de Arte Meigas e Trasnos de Sarria; o accésit no 1º Simposio de Escultura ao aire libre do Concello do Grove, o 1º premio no Certame de artes plásticas Xuventude 90 en Lugo ou a bolsa de creación artística concedida polo Concello de Lalín na IIª Bienal “Pintor Laxeiro”, grazas á cal puido pasar unha estadía en Florencia para desenvolver unha nova liña de traballo.

No ano 2012 constituíuse a “Asociación de amigos da obra de *Wily*”, unha iniciativa que xorde para poñer en valor a obra deste autor e para evitar a desaparición dos seus traballos debido ás humidades e ás enfermidades propias da madeira sen tratar. Esta asociación naceu co propósito de levar a cabo a restauración da obra de *Wily* e tamén para acondicionar e converter o seu taller nun museo permanente pero sen esquecer ese espírito de centro de traballo para artistas. A restauración da obra é algo que resulta moi custoso para a asociación dado que actualmente este labor suporía un custo de 25.000 euros, por iso é necesario a

axuda das Administracións públicas. O estado da maioría das obras é, aínda a día de hoxe, preocupante, así coma as condicións do espazo que as alberga, motivo polo cal cómpre poñer en marcha un proxecto de restauración da obra e acondicionamento do espazo. Esta asociación é a que fai que a esencia de *Wily* aínda permaneza; a súa loita incansable por reivindicar a súa figura e a súa obra fai posible que esta non desapareza. Porén, é preciso que dende as Administracións públicas se colabore neste proxecto pois, ao fin e ao cabo, e tal e como o concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria *Román Rodríguez* manifestou: “é de xustiza honrar a quen fai grande o seu pobo”.

Por todo o antedito, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a aportación económica dun total de 25.000 euros para poder levar a cabo a restauración da obra de Antonio Ferradás “*Wily*”.

- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia axuda económica para reformar e adecuar o taller no que se atopa a obra de *Wily* para así poder comezar o proxecto de convertelo nun espazo cultural no que non só haberá unha exposición permanente senón que, ademais, funcionaría como un centro para que todos os artistas poidan traballar, pois ese sempre foi o espírito que *Wily* lle outorgou ao seu espazo de traballo.

7.- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE OBRAS.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 8 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 12 de xullo de 2016 co número 6074. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 18 de xullo de 2016.***

Na moción solicitábase a comparecencia en Pleno dos concelleiros de Obras e Medio Rural D. Francisco Vilariño para que dean cumpridas explicacións sobre o devandito balance e aclaren cales deses investimentos que recolle o balance do goberno municipal foron planificados, proxectados, negociados e adxudicados polo actual executivo e cales foron nos que só tiveron que dar o visto e prace ás obras que se limitaron a adxudicar o xa negociado.

Sometido a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

8.- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DO MEDIO RURAL.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 8 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 12 de xullo de 2016 co número 6074. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 18 de xullo de 2016.***

Na moción solicitábase a comparecencia en Pleno dos concelleiros de Obras e Medio Rural D. Miguel Medela para que dean cumpridas explicacións sobre o devandito balance e aclaren cales deses investimentos que recolle o balance do goberno municipal foron planificados, proxectados, negociados e adxudicados polo actual executivo e cales foron nos que só tiveron que dar o visto e prace ás obras que se limitaron a adxudicar o xa negociado.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

9.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN A DERROGAR O DECÁLOGO DAS VÍAS PROVINCIAIS.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 13 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 14 de xullo de 2016 co número 6124. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 18 de xullo de 2016.***

Expoñendo a moción, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, voceiro do grupo popular, indicou que a recente aprobación do decálogo polo organismo provincial era unha auténtica tropelía, algo aberrante e impropia de persoas que teñen mentalidade urbana, relegando a un segundo plano ao rural.

Buscábase apoiar as capitais e grandes urbes en detrimento das urbanas menores, cando ao contrario, as Deputacións Provinciais estaban para axudar aos concellos pequenos. Este acordo aprobado condenaba ao ostracismo aos pequenos e medianos concellos.

De seguido o ***Sr. Nicolás González Casares*** e o voceiro debateron sobre a obra de "Pasarón", que segundo el, ascendeu tres veces e media o seu orzamento inicial.

Seguiu a falar o ***Sr. Crespo Iglesias*** indicando que agora sería o estadio de Balaídos de Vigo o destino dos cartos provinciais.

Resaltou que as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes contaban con máis vías

públicas locais que o resto da provincia, pero a maioría quedaba fora do decálogo, por mor de non alcanzar a intensidade do tráfico que se esixía no dito documento. Así o organismo provincial limitaríase nestas vías a bachear. Leu de seguido o que se pedía na súa parte dispositiva.

Por alusións do Sr. Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que as actuacións do Sr. Louzán, Presidente anterior do organismo provincial en Silleda, non eran menos.

No uso da palabra, **D. Nicolás González Casares** indicou que estas mocións que parecían sen cor política, tiñan bastante profundidade. Sucedia que o PP nunca pedía nada á Xunta de Galicia, e todo á Deputación Provincial.

Eles como goberno municipal tiñan que pedir a todos os organismos, non facendo como facía o PP: disparar en función da cor política do destinatario. Lembrou así que na moción das *Rutas Ciclista Seguras* pediuse a todos.

En relación co decálogo aprobado polo organismo provincial, sostivo que como todas as medidas que se adoptaban, esta era mellorable. Non obstante era un punto de partida para traballar e cambiaba sen dúbida o modo de actuación do anterior goberno.

Desde logo o anterior voceiro dixo falsidades, porque non se excluían as vías municipais. Tampouco dicía nada das beirarrúas. Era máis, o goberno municipal ía pedir varias, en Madriñán, na estrada ao Corpiño.

Vanse asfaltar tamén pistas, e potenciarse a conservación das vías públicas. Desde logo non ían decidir como facían antes cada Alcalde, e ao día seguinte xa quitaban as máquinas. Había que mellorar a seguridade vial e conservar as vías que había, e facendo desbroces.

Como goberno podían apoiar os puntos 2 e 3 da moción; pero non podían asumir o terceiro punto.

Lembrou que só as vías do Concello pedidas eran menos que as do Salnés que antes se arranxaron.

Outra vez **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o goberno defendía o indefendible neste tema. Reiterou que era importante conservar as vías municipais, para evitar accidentes. Con esta medida adoptada, íase para atrás. Lembrou que o organismo provincial quería dar setecentos mil euros para a UNED en Vigo, e tras un informe da Intervención provincial cambiou de opinión.

Tamén quixo deixar claro que agora as máquinas estaban sen uso, paradas, cando debían estar traballando e arranxando camiños, lembrando algunhas vías como a de Brántega que necesitaban obras.

De novo **D. Nicolás González Casares** indicou que o decálogo si que recollía o mantemento das pistas municipais, algo que tamén se podía sobrentender no punto dous. Indicou que o Sr. *Crespo Iglesias* levaba das dúas horas de Pleno, máis da metade falando. Non obstante non dixo o Sr. *Crespo* que, por exemplo Lalín saía máis beneficiado que outros concellos con máis poboación, neste tema como era Vilagarcía de Arousa. Rematou sinalando que si se cumpre o que recolle o decálogo, Lalín non sairía mal parado neste eido.

Finalizou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** que pediu que, se era tan positivo ese decálogo, que votasen a favor do punto primeiro da moción.

Na moción pediase:

- 1.- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a que derogue o decálogo de actuacións nas vías provinciais que se realizou atendendo a criterios de poboación, e esquecéndose de cuestións tan importantes como a fixación de poboación no rural, a competitividade agrogandeira e a vertebración do interior da provincia.
- 2.- Instar ao goberno da Deputación a que realice un estudo pormenorizado das necesidades reais das nove vías da súa titularidade no territorio do termo municipal do Concello de Lalín.
- 3.- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a que se proceda ao desbroce e limpeza das cunetas de todas as vías provinciais, agás Prado-Bodaño que se fixo recentemente.

Sometido a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

10.- MOCIÓN DO PP SOBRE A DOTACIÓN Á ÁREA RECREATIVA DO POZO DO BOI DE CANCHAS DE 36 X 27 METROS PARA DIVERSAS DISCIPLINAS DEPORTIVAS.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 6125. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 18 de xullo de 2016.***

Na exposición da moción **D. José Antonio Varela Quintela** indicou que á vista dos datos que coñecían, que non eran todos, esperarían a coñecer as explicacións do goberno municipal para dar outros datos que os recollidos na moción.

Polo grupo de goberno **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** explicou que el levaba esta área do tema a que se refería a moción. Indicou que estivo durante sete ou oito anos reclamando actuacións deste tipo ao goberno para poder celebrar nese lugar uns campionatos de voleibol.

“Eu nunca puiden celebrar campionatos de voleibol e vostede era delegado de deporte e non fixo nada”, afirmou.

Indicou **D. José Antonio Varela Quintela** que a el non se lle pediu nada cando foi concelleiro.

O edil delegado, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** precisou que llo pediu á concelleira da zona daquela, D^a Sara Arca. Tamén indicou que as obras que se facían agora estaban dentro do plan de obras do ano pasado, porque a resolución de Aguas de Galicia veu agora, debido a que non se fixo antes a petición.

En relación coas árbores da masa común que a parcelaria entregou ó Concello, sinalou que o PP trouxo un acordo da sede do PP que non temos aquí no Concello. Levouno a Intervención e non se podía pagar. Lembrou que no mes de maio do ano 2015 fíxose unha valoración das

árbores de máis de tres mil e pico de euros.

Insistiu en que el sempre quixo organizar todos os anos campionatos de voleibol neste lugar e que se puideron celebrar porque nunca recibiu resposta positiva do goberno municipal daquela. Agora algo se facía para elo; ademais vanse facer as cunetas nos accesos. O Importe era de 30.700 euros e o permiso de Aguas de Galicia xa se tiña. Tamén quixo destacar que conseguiu un acordo co Concello de Silleda para arranxar a pista que comunicaba con ese concello para poder utilizala ambos concellos.

De novo desde o grupo de goberno, **D. José Antonio Varela Quintela** dixo que sempre que se falou con el, eu estiven aí. Dicer o contrario sería mentir. O proxecto era do POS do ano 2015 e se pretendía facer un proxecto de obra para practicar voleibol.

De novo **D. Miguel Angel Medela Dobarro** dixo que se debiera revisar isto antes, e pedir permiso no seu tempo.

Na moción propoñíase dotar á area recreativa do Pozo do Boi de dous campos de 36 X 27 metros con ara para a práctica deportiva e os materiais deportivos necesarios para poder practicar e promover competicións deportivas de disciplinas como fútbol, balonmán, volei praia"e outros deportes.

Sometido a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: unha (1), D^a Teresa Varela Fisteus (CxG-CCTT) non asistiu á votación.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

Sendo as 13 horas abandonou **D^a. Teresa Varela Fisteus** a sesión, quedando con dez membros o grupo de goberno, con nove o PP e en dezanove o número total de asistentes.

11.- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO APOIO ECONÓMICO Á CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE MEDICAMENTOS E FUNXIBLES PARA VENEZUELA.-

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de xullo de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 6126. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 18 de xullo de 2016.**

Na exposición da moción, **D. Paz Pérez Asorey** explicou que a situación actual de crise económica en Venezuela deixaba en mala situación ás familias dos lalinenses que alí estaban. Traballábase nun fondo de emerxencia para atender a saúde pública pola Asociación de Venezolanos de Deza, coa recollida de medicamentos. A resposta a esta iniciativa foi boa. Agora estaban inventariando todo o material recollido. Había que recoñecer pois este traballo levado a cabo por esta entidade, e apoiar ás persoas que necesitaban os medicamentos. Leu de seguido as partes da moción que se pedían.

Desde o grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares** indicou que como goberno xa recibiron aos representantes da Asociación de Venezolanos de Deza hai un mes no Concello e atenderon as demandas que lles formularon. Houbo algúns acordos coa mesma, pero había dificultades para comprar fármacos. Colaboramos xa e non se trababa de marcarse un tanto, pero había lagoas xurídicas nesta iniciativa, desde a compra ata o transporte dos medicamentos. Tamén había que dicir que había xente que acumulaba moitos medicamentos na súa casa e ningún sistema sanitario público podía soportar isto: que a xente almacenara tantos medicamentos. Estaban abertos a compartir os gastos traslado dos medicamentos e á entrega aos interesados coa Asociación de Venezolanos de Deza, pero sempre dentro da legalidade; por exemplo non podían pagar a factura por adiantado e a posteriori non a mandaban tampouco. Había que estudalo.

De novo **Dª. Paz Pérez Asorey** indicou que o motivo era importante, e había que atender as cuestións sociais e non poñerse medallas, había que atender ao colectivo de persoas maiores.

Houbo un debate sobre o sistema de transporte e entrega dos medicamentos e a factura, con CÁRITAS entre os anteriores intervenientes.

De seguido. **D. Nicolás González Casares e Dª. Paz Pérez Asorey** debateron sobre as partidas que correspondía ou podían facer fronte a esta situación.

D. Nicolás González Casares pedía que co DNI das persoas beneficiarias non habería problemas; pero non había dereitos dun colectivo indeterminado a obter isto.

Dª. Paz Pérez Asorey finalmente indicou que, se se fixera unha campaña de sensibilización sobre o uso de medicamentos, apoiárala.

Finalmente **D. Rafael Cuiña Aparicio**, Alcalde-Presidente reiterou que como goberno apoiaban a campaña. O debate era absurdo, porque había que apoiar ás persoas maiores. Estaba todo xa falado, e asumírase desde o Concello o que se puidera. Votaban en contra porque xa estaba en marcha o que se pedía.

Na moción pedíase complementar a recollida de medicación con aqueles produtos máis demandados que non se conseguiran a través das doazóns e aboar a totalidade dos gastos de transporte de todo o recadado na campaña.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) do PP.

Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

12.1. ROGOS.-

PP.-

D. Antonio Rodríguez Rodríguez

ROGO.- Solicitamos que se limpen as beirrarúas da maleza existente en Vilatuxe, Soutolongo, Botos, Prado, recta de Goiás, Carragoso, Sello (Vilasancho), Espiño ata o Polígono.

O Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio dixo que estaba aceptado o rogo. Era certo que estaban mal.

PREGUNTAS.-

1ª. Referente ás festas parroquiais. Vemos hoxe na prensa que vai abrir o prazo para as axudas das festas parroquias, polo que preguntamos:

- Porqué estas axudas se sacaron tan tarde?
- As parroquias que xa celebraron as festas parroquiais van poder optar tamén a ditas axudas?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

2ª. Relativa á brigada contra incendios. Vemos nos xornais do martes 19 de xullo que o Concello de Lalín vai aportar ao servizo contra incendios, dous condutores e máis unha motobomba. Polo que preguntamos:

- Firmouse algún Convenio coa Consellería de Medio Rural para poder optar a unha Brigada completa contra incendios no Concello de Lalín?
- Os condutores que ofrecen son dos GES?
- Considera o grupo de Goberno que non é necesaria (Brigada contra incendios)?
- Non consideran vostedes que é un erro non contratar a Brigada contra incendios este ano dado o elevado material arbustivo por mor da moita choiva durante a primavera e das altas temperaturas destes días?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

D. José Antonio Varela Quintela

1.- PREGUNTA.- Houbo unha xornada de portas abertas na piscina municipal exterior cando se abriu ao público nesta tempada estival?

Respondeu D. Nicolás González Casares sinalando que non houbo unha xornada de portas abertas. O sistema fallou e houbo que reparalo; claro está, non se cobrou. Tamén outro día houbo roubos e non funcionou o sistema de apertura.

Eu só pregunto, seguiu a falar o edil da oposición, D. José Antonio Varela Quintela. Houbo xente que dixo que houbera xornada de portas abertas e que non se anunciara.

D. Nicolás González Casares responde que non, que houbo un día ao principio en que o sistema de cobro non funcionou e outro día por unhas hora polo do roubo que houbo, pero non houbo xornada de portas abertas.

D^a. Paz Pérez Asorey.

ROGO.-

Vistos os balances que tanto hoxe coma onte, saen na prensa relativos ao incremento de altas en SAF e as persoas beneficiarias de axudas de Emerxencia Social, desde o Partido Popular, rogamos que non sexan tan arrogantes politicamente, abandeirándose con políticas sociais prioritarias, e recoñezan que na súa chegada ao Goberno deste Concello, a situación tanto de solicitudes de SAF como de Emerxencia Social, era de lista de espera CERO, e que todas as solicitudes valoradas polo Equipo Técnico de Servizos Sociais como procedentes, estaban atendidas e resoltas favorablemente.

Para vostedes a súa prioridade social é similar á do Partido Popular. Sirva como exemplo suficiente con revisar as correspondentes partidas orzamentarias nestes dous apartados, onde se pode comprobar que o ano 2016 é un calco exacto das contías do ano 2015, con posterioridade e mesmo no Pleno de hoxe, vostedes propoñen modificacións de crédito, isto acredita por un lado a óptima saúde económica que vostedes recolleron e por outra banda indican que as prioridades da Administración Autonómica, concretamente da Consellería de Política Social, apostando entre outros pola Dependencia, permiten que tódolos Concellos galegos perciban o longo deste ano 2016, maior financiación externa.

*O Sr. **Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

PREGUNTA.- Como é coñecido o SAF ten dúas modalidades (libre concorrência e dependencia). En asignación de altas de SAF-dependencia, a Administración Local non ten competencia; é exclusivamente da Admón. Autonómica. Sen embargo, libre concorrência é de plena competencia municipal, no que se refire á dotación orzamentaria como a asignación de altas de servizo, polo que preguntamos a este goberno, ¿se ten intención en dispor de partida orzamentaria suficiente para atender todas as petición que sexan procedentes de asignación de servizo?

*O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.*

D^a. Paz Pérez Asorey:

1.- ROGO.- En relación coas altas no SAF como poden ser tan arrogantes politicamente que aborden Este tema coñecendo as solicitudes e as listas de espera que antes de gobernar estaban en O.

*O Sr. **Alcalde-Presidente, Rafael Cuña Aparicio** dixo que este goberno municipal gastou o dobre en política social que o anterior goberno.*

D^a. Paz Pérez Asorey asinte.

PREGUNTA.- En relación co SAF defendeu a Xunta de Galicia que a libre concorrancia é competencia local e asignación atender as demandas cubertas.

Respondeu D. Nicolás González Casares indicando que el pediu informes técnicos sobre as necesidades. Todo o que se pediu, concedeuse. Había altas no SAF de libre concorrancia. O Concello contaba cuns 20.000 euros para elo. Concedeuse aos usuarios que o precisaban.

PREGUNTA. ¿Manténse a libre concorrancia a lista de espera en 0?
O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias.

1.- ROGO.- En relación coas irregularidades que o goberno municipal dis que aparecen en relación co mandato de goberno anterior. Pide que se diga o que aparece, e que se procede polo seu contido, que se remita á Fiscalía ou se acometa unha investigación interna en forma.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Ao grupo de goberno actual que non presuma do que gasta ou dobra en política social máis que o anterior goberno actual municipal, xa que non era nada novo o que se debía facer; pero o certo e que os servizos sociais hoxe están mal atendidos e antes estaban ben.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3.- ROGO. Cando para mellorar a vixilancia se puxeron cámaras de vixilancia no Concello o PSdeG-PSOE criticou esta medida do goberno anterior, mesmo opuxéronse a colocar cámaras de gravación, como foi no caso do Paseo do Pontifias. Díciase daquela que atentaba contra a liberdade das persoas, mesmo tamén cando se colocaron as cámaras no Concello. Agora colócanse cámaras de vixilancia en instalacións municipais e o PSOE con elo se contradí co que dicía daquela.

Contestou D. Nicolás González Casares indicando que as cámaras interiores non precisaban da autorización á que aludía o voceiro popular, sempre e cando se dan determinadas circunstancias. Este era o caso das cámaras do Polideportivo Lalín Arena.

4.- ROGO.- Pide aos membros do grupo de goberno que se documenten antes de contestar ás preguntas que lle formula a oposición política.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

5.- PREGUNTA.- Quere saber cando van recibir as respostas ás preguntas formuladas na anterior pleno ordinario, esperando que sexa antes que se convoque o próximo pleno.

O Sr. **Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

E, sendo as trece horas e vinte e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas